

MÁIS QUE UN RONSEL

O importante do coñecemento é que xera á súa vez máis coñecemento, pero para xerar este primeiro saber do que partirán outros é importante utilizar documentos que cumpran uns requisitos mínimos para que teñan valor. Rigorosos, precisos, obxectivos, accesibles e actuais son algúns dos cualificativos que deberían acompañar aos documentos cos que se pon en valor a palabra pensamento.

Desde o Club de Prensa intentamos en cada número de Ferrol Análisis aplicar esta sinxela fórmula que, sen ser matemática, intenta ao igual que ela poñer unha orde comprensible no mundo coa interacción da lóxica e a imaxinación. Non traballamos pensando na transcendencia do noso labor, que a ten, senón que desde unha óptica honesta e humilde queremos contribuir á construción dunha sociedade propiciando as relacións humanas cunha canle, a nosa, de comunicación.

Esta canle que agora poñemos a disposición de todos os lectores, destinatarios finais do noso traballo, cumprindo un dos requisitos mencionados antes, o da accesibilidade. Pero antes que este, teñen que darse outros. A rigorosidade nos traballos presentados en cada número de Ferrol Análisis fai que se lle outorgue un plus de credibilidade. Isto non é mérito noso en exclusiva, senón que é grazas a todos os colaboradores que edición tras edición engrandecen a revista que tedes nas mans.

A elección de temas si é responsabilidade dos que cada ano facemos Ferrol Análisis adecuándonos, esa é a nosa intención, ás premisas de obxectividade e actualidade. Neste afán quero subliñar o inestimable apoio do Consello de redacción, verdadeiro temón que dirixe este barco. O Club de Prensa séntese afortunado no seu papel de temoneiro que esperamos seguir facendo se os lectores seguen a brindar o seu apoio como ata agora.

Porque no Club de Prensa pensamos, ao igual que moitos, que unha biblioteca, un libro, unha palabra, un pensamento poden cambiar o mundo, cremos que o coñecemento é máis que un efémero ronsel.

María Ares Sanmartín